

ACTA DO XURADO DO CONCURSO FOTOGRÁFICO “COMEMOS POLOS OLLOS”

O día 16 de xuño de 2020 tivo lugar a reunión do xurado seleccionador do “Concurso fotográfico **Comemos polos ollos**” organizado polo Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra no marco da campaña de promoción turística e do comercio local “Pontevedra Provincia Na Túa Cesta”.

O xurado estaba composto polo seguinte equipo técnico: Ines Calvo Pensado, técnica do servizo de Turismo; Andrea Méndez Varela, técnica do servizo de Comunicación e Elena del Cerro del Río, deseñadora do servizo de Comunicación.


Esta reunión tivo por obxecto seleccionar, entre as numerosas imaxes compartidas en Twitter e Instagram co hashtag #ComemosPolosOllos, e a súa versión en castelán, #ComemosPorLosOjos, as sete mellores fotografías de produtos da gastronomía de Rías Baixas.

Prémianse tres imaxes na categoría “ao natural”, tres na categoría de “cociñados” e unha máis que valora a mellor composición fotográfica no seu conxunto.

Tralo debate e deliberación das obras presentadas, o xurado acordou seleccionar as seguintes imaxes, todas eles premiados cun lote de produtos do destino Rías Baixas:

1.- CATEGORIA PRODUTOS AO NATURAL

1. rociococina



Valorouse que se trata dunha imaxe sinxela e moi efectiva. A pesares de ser un produto pouco fotoxénico o resultado é moi profesional

2. tevi



Valórase a expresividade da imaxe e que se trata dunha composición moi coidada, de gran calidade e que a fan moi apetecible.

3. Estrellasolimones



Esta obra ten unha forma innovadora de presentar o produto. Trátase da fotografía mais diferente e evocadora das presentadas pola perspectiva que amosa.

2.- CATEGORÍA PRODUCTOS COCINADOS

1. Rociococina



Fotografía elixida pola calidade da imaxe e o protagonismo absoluto do produto.

2. Maisgrelos



Elixida por promocionar un dos produtos mas recoñecibles da cociña das Ría Baixas e feita cunha receta innovadora. Visualmente moi cuidada.

3. Margapazos



Valórase a expresividade e arquitectura case matemática da fotografía. Aposta por un prato doce.

MELLOR COMPOSICIÓN FOTOGRÁFICA



Fotografía elixida pola elaboración innovadora e a coidada presentación, mesturando marisco e produtos da terra, con gran forza creativa.

E sen máis asuntos que tratar dáse por concluída a reunión ás 13.00 horas do día indicado.